

# DECLARACIÓN AMBIENTAL

Período: Ano 2022

## CONCELLO DE CARBALLO

**Razo**

**Baldaio – Saíñas**

**Pedra do Sal**



## CONCELLO DE CARBALLO

REVISADO: Francisco Javier Souto Facal. Responsable de Medioambiente (ÓRGANO XESTOR DE PRAIAS)

APROBADO POR: Evencio Ferrero Rodríguez. Presidente do Concello de Carballo

Fdo:


## ÍNDICE

---

1.	PRESENTACIÓN .....	3
2.	ALCANCE DO SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL.....	4
3.	RESPONSABLE DO SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL .....	5
4.	POLÍTICA AMBIENTAL .....	6
5.	DESCRIPCION DO SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL.....	7
6.	CONTEXTO DA ORGANIZACIÓN E PARTES INTERESADAS.....	7
7.	IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS E OPORTUNIDADES .....	8
8.	DESCRIPCIÓN E EXPLICACION DE TODOS OS ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS DIRECTOS E INDIRECTOS SIGNIFICATIVOS .....	13
9.	DESCRIPCIÓN DOS OBXETIVOS E METAS MEDIOAMBIENTAIS EN RELACIÓN COS ASPECTOS E IMPACTOS AMBIENTAIS SIGNIFICATIVOS E COS RISCOS E OPORTUNIDADES.....	15
10.	CUMPRIMENTO DA LEXISLACION AMBIENTAL.....	46
11.	IMPLICACION DOS TRABALLADORES .....	50
12.	COMUNICACIÓNS.....	50
13.	PLANS DE EMERXENCIA .....	51
14.	ENTORNO NATURAL .....	51
15.	VERIFICACIÓN AMBIENTAL .....	52
16.	MELLORAS.....	52

## 1. PRESENTACIÓN

O órgano xestor de praias do concello de Carballo, no seu interese de mellorar de forma continua o desempeño e funcionamento interno deste, ten implantado un Sistema de Xestión Ambiental dende o ano 2014, sendo o principal obxectivo converter as praias do municipio de Carballo nun referente paisaxístico sostible co medio ambiente.

O órgano xestor de praias está composto por persoal (político e técnico) das áreas de medio ambiente, praias, seguridade e protección civil. O seu labor é a planificación e organización dos servizos e actividades, e a coordinación de todo o persoal implicado na xestión das praias.

A localización das oficinas do órgano xestor de praias é a seguinte:

ÓRGANO XESTOR DE PRAIAS/PROTECCIÓN CIVIL			
<b>Código NACE:</b>	8411	<b>Dirección:</b> Av. Ambulatorio	<b>Nº:</b> S/N
<b>Andar:</b>	1º		
<b>C.P.:</b>	15100	<b>TELEF.1:</b> 981 704 048	<b>Fax.:</b> 981 704 780
<b>Correo electrónico</b>	pcivil@carballo.org		
<b>Persoa de Contacto</b>	Francisco Javier Souto Facal	<b>Responsabilidade:</b> Responsable de Praias e Medioambiente	

O ámbito da avaliación ambiental circunscribeuse á xestión **das praias de Razo, Baldaio-Saiñas e Pedra do Sal**. Dentro da praia de Razo estaría incluídas as praias de Cabreira e Arandos, mentres que, quedarían excluídas do sistema de xestión as praias de Arnela, Santa Mariña e Leira.

Este órgano de praias depende directamente da Concellaría de Medio Ambiente e Praias.

As praias obxecto de implantación localízanse no extremo Nordés da provincia da Coruña no concello de Carballo, situadas a uns 46 Km de Santiago de la Compostela e 33 km da Coruña.

- **Páxina Web:** <http://www.carballo.org>
- **Oficinas:**

<b>Nome fiscal</b>	CONCELLO DE CARBALLO
<b>Dirección</b>	AV. AMBULATORIO, S/N
<b>C.P. e poboación</b>	15.100 CARBALLO
<b>Teléfono</b>	981 704 048
<b>Fax</b>	981 704 780
<b>E-mail</b>	miguelvales@carballo.gal
<b>CIF</b>	P1501900C

- **Casetas Socorristas:**

<b>RAZO (A CABREIRA)</b>	
X: 43º17'22''N	Y: 8º42'39,2''W
<b>RAZO (ZONA POSTO)</b>	
X: 43º17'27,8''N	Y: 8º42'16,7''W
<b>RAZO (ARNADOS)</b>	
X: 43º17'31,0''N	Y: 8º42'05,2''W
<b>BALDAIO-SAIÑAS</b>	
X: 43º18'04,7''N	Y: 8º39'47,00''W
<b>PEDRA DO SAL</b>	
X: 43º18'14,2''N	Y: 8º39'21,5''W

Cada unha das praias ten as súas propias características, as cales se resumen a continuación:

ARENAIS	BANDEIRA AZUL	LONXITUDE	ANCHURA MEDIA	GRADO DE URBANIZACIÓN	TIPO	AREA
Razo	Si	800 m	30 m	Semiurbana	Praia aberta	fina
Baldaio-Saiñas	Si	450 m	30 m	Illada	Praia aberta	fina
Pedra do Sal	Si	300 m	30 m	Semiurbana	Praia aberta	fina

## 2. ALCANCE DO SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL

O Sistema de Xestión Ambiental ten o seguinte alcance:

**A xestión das praias de Razo, Baldaio-Saiñas e Pedra do Sal.**

Na seguinte fotografía aérea apreciase o ámbito físico ó que aplica o sistema de xestión:



Cabe destacar que a praia de Arnados estivo excluída do sistema de xestión, sen embargo, para esta tempada, volve a formar parte do mesmo, o cal quedará reflexado tanto nos consumos como nas actuacións levadas a cabo por Órgano xestor das praias.

### 3. RESPONSABLE DO SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL


Convén destacar que inicialmente á implantación, xa existía un servizo encargado da xestión municipal das praias. A Concellería de Seguridade e Protección Civil a través do Servizo Municipal de Protección Civil encárgase do control sanitario e ambiental das praias (calidade da auga de baño, servizo de socorrismo e limpeza das praias) e da xestión e mellora do Sistema de Xestión Ambiental.

A Concellería de Medio ambiente e praias encárgase do servizo de recollida de residuos nas praias e o apoio ó responsable de medio ambiente nas funcións propias do sistema de xestión.

Os servizos de recollida de residuos e limpeza de praias, son realizados por empresas externas:

- ✓ Recollida de residuos: URBASER
- ✓ Limpeza de praias: ACCIONA SERVICES

A continuación presentase o organigrama da organización:



#### 4. POLÍTICA AMBIENTAL



Código: MM- Ayuntamiento de Carballo  
Pagina 1 de 1  
Revisión: 04

### **POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL DO CONCELLO DE CARBALLO PARA AS PRAIAS DE RAZO, BALDAIO-SAIÑAS E PEDRA DO SAL**

A protección do Medio é un reto permanente da sociedade, tanto a escala nacional, coma internacional. Na actualidade estamos a asistir a un espectacular crecemento da conciencia colectiva sobre o deterioro ambiental do noso planeta debido á acción do home. Consciente diso o órgano xestor de praias do concello de Carballo, ten implantado un Sistema de Xestión Ambiental de acordo coa Norma UNE 14001 "Sistemas de Xestión ambiental" e o Regulamento EMAS nas praias de Razo, Baldaio-Saiñas e Pedra do Sal.

**El alcance de dicho sistema es la Gestión de las playas de Razo, Baldaio-Saiñas y Pedra do Sal.**

O órgano xestor das praias inclúe dentro da súa xestión, o establecemento e revisión continuada dun sistema de Xestión Ambiental que permita a consecución dos Obxectivos e Metas Ambientais fixados, e para todo iso establece a seguinte Política Ambiental:

**MELLORA CONTINUA, COMPROMISO DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE E PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN e SOSTIBILIDADE**

- Procurar a mellora continua mediante a avaliación sistemática e periódica do Sistema de Xestión Ambiental.
- Realizar un esforzo continuado en identificar, caracterizar e minimizar o impacto que se poida causar sobre o medio como consecuencia das actividades que se desenvolvan nas praias, e procurar unha utilización eficiente dos recursos naturais e das fontes enerxéticas.
- Desenvolver as nosas actividades de forma que procuremos a satisfacción de todos aqueles que visitan as praias, sen comprometer os recursos dos cidadáns do futuro.
- Compromiso coa protección do medio ambiente e de lograr unha efectiva prevención da contaminación.

**CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS LEGAIS DE APLICACIÓN e OUTROS**

- Asegurar o cumprimento dos requisitos ambientais regulamentarios e outros aplicables á xestión das praias de Razo, Baldaio-Saiñas e Pedra do Sal.

**INFORMACIÓN E FORMACIÓN AMBIENTAL**

- Informar a todas aquelas persoas que visitan as praias, así como, ás responsables das actividades que se realicen nestas, acerca do uso dos servizos dispoñibles, co fin de garantir o correcto comportamento ambiental.
- Fomentar, a partir do desenvolvemento de programas de formación e motivación, o sentido da responsabilidade cara o medio entre o persoal pertencente ao órgano xestor de praias.

**PROVEDORES**

- Comunicar os criterios ambientais e de sostibilidade a todas aquelas persoas ou empresas que traballen nas nosas praias, así como invitar aos provedores para que se rexan por esta Política Ambiental no seu quefacer diario.

Revisada e aprobada en, Carballo a 28 de Agosto do 2018

Fdo.: D. Evencio Ferrero Rodríguez

(Alcalde-Presidente do Órgano Xestor de Praias)

## 5. DESCRIPCION DO SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL

O SXMA inclúe todas as actividades que se producen e sitúan nas praias, é dicir:

- Limpeza das praias e recollida de residuos.
- Limpeza dos aseos e mantemento de todas as instalacións.
- Socorrismo e Salvamento (Servizo Municipal de Protección Civil)
- Control sanitario-ambiental das augas de baño e o ámbito praiaero.

Estes servizos a través dos correspondentes procesos administrativos, están adxudicados a distintas empresas que son as que realizan a actividade, pero o órgano xestor de praias encárgase do control e seguimento dos traballos.

O concello de Carballo considera o Sistema de Xestión Medioambiental como unha oportunidade de mellora para o bo funcionamento dos servizos das praias, así como para garantir o cumprimento da lexislación e a adecuación de cada servizo ó establecido na política ambiental.

O sistema está composto por unha estrutura organizativa, responsabilidades, mapa de procesos, manual, procedementos e rexistros, que conseguen que a implementación do sistema sexa eficaz, cumprindo de este xeito, cos requisitos da norma UNE-EN-ISO 14001 e do Regulamento EMAS.

O sistema está organizado da seguinte forma:

## 6. CONTEXTO DA ORGANIZACIÓN E PARTES INTERESADAS

Durante o 2022 levouse a cabo una nova revisión das necesidades e expectativas das partes interesadas, así como a das cuestións internas e externas relacionadas co contexto da organización. Este estudio foi realizado en base ao coñecemento que ten o Órgano Xestor en base a nosa experiencia.

- En canto as partes interesadas foron identificadas as seguintes:
  - Órgano Xestor de praias, composto por:
    - Alcaldía
    - Consellería de medio ambiente e praias
    - Consellería de seguridade e protección civil
  - Traballadores
  - Subcontratas:
    - Acciona Services
    - Urbaser
    - Corporación Laber, SL
    - Gestagua
    - Endesa
  - Provedores
  - Sociedade
    - Usuarios
    - Escolas de surf
    - Administración (Consellería de Medioambiente, SERGAS)
    - Comunidade (asociación de veciños de Razo e Baldaio)
    - ONG's (Senda Nova, ADEGA, Hábitat, CEMMA, Agrupación astronómica coruñesa)

De esta identificación xurdiron necesidades e expectativas que se terán en conta a hora de realizar a identificación e avaliación dos riscos e oportunidades que se poden chegar a dar.

➤ Dentro do contexto da organización identificáronse as seguintes cuestións:

CUESTIÓN	CONTEXTO (INTERNO/EXTERNO)
Rede Natura 2000	INTERNO/EXTERNO
Sistema de Xestión Medio Ambiente	INTERNO
EMAS	INTERNO
Infraestruturas	INTERNO
RRHH	INTERNO
Tecnoloxía	INTERNO
Comunidade	INTERNO/EXTERNO
Lexislación	EXTERNO
Píllara das dunas	EXTERNO
Partes interesadas	INTERNO/EXTERNO

## **7. IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS E OPORTUNIDADES**

Unha vez que dende o órgano xestor das praias teñen identificadas as necesidades e expectativas das partes interesadas, así como un análises do contexto da organización, procédese a identificación de todos aqueles riscos e oportunidades que se dan ou se poderían dar.

A determinación dos riscos e oportunidades realizarase tendo en consideración os procesos desenvolvidos pola organización.

Unha vez identificados os riscos e oportunidades significativos que afectan o sistema de xestión, establécense unha serie de accións para tentar de eliminar ou minimizar os impactos que poidan ter.

Para o ano 2022 aqueles riscos/oportunidades que xurdiron como significativos tras a súa avaliación foron:



RISCO/ OPORTUNIDADE	CONSECUENCIAS	IMPACTO (1-9)	ESTRATEGIA (ACCIÓN A EMPRESAR)	RESPONSABLE	OBXECTIVO ASOCIADO	PRAZO	OBSERVACIÓN
Consumo excesivo eléctrico	Diminución de recursos naturais	6	Mantemento da cartelería para a concienciación do uso consciente da enerxía eléctrica	Responsable de Medio ambiente e praias	N.A.	N.A.	Durante o 2022 produciuse un pequeno incremento no consumo de electricidade, especialmente na praia de Pedra do Sal. O principal gasto durante a tempada de verá é a do mantemento das actividades relacionadas co servizo de salvamento así como o consumo das duchas das praias. Unha vez rematada esta tempada, seguen levándose a cabo actividades dirixidas por diferentes entidades tales como, deportivas, culturais e colexios, iso fai que o consumo se manteña durante todo o ano. Non se tomarán medidas, só se manterán as xa implantadas e o seguimento do indicador para o vindeiro ano.
Consumo excesivo das lanchas de salvamento	diminución de recursos naturais	6	As lanchas de salvamento son utilizadas dentro do servizo de socorrismo para vixilancia e salvamento dos bañistas nas praias. Por	Responsable de Medio ambiente e praias	N.A.	N.A.	Non se establecerán obxectivos nin medidas para reducir o consumo de combustible nas lanchas de salvamento xa que non é posible, posto que se trata de un servizo de vixilancia e

			ese motivo, non se pode reducir a súa utilización xa que é un medio de protección dos usuarios das praias				prevención de posibles accidentes
Consumo excesivo do coche de protección civil	diminución de recursos naturais	6	Durante o ano 2021 tomouse a decisión, dende o Órgano Xestor das praias, de alugar un vehículo exclusivo para o persoal de salvamento. Este feito provocou un descenso considerable do consumo de gasóleo durante o 2021: M6: 0,49 MWh/traballador Novo vehículo de salvamento: 0.12 MWh/traballador	Responsable de Medio ambiente e praias	OB.2	Xuño 23	Seguimento no formato correspondente
Excesivo consumo de gasóleo de calefacción no edificio de protección civil	diminución de recursos naturais	6	Mantemento da cartelería para a concienciación do uso consciente da calefacción	Responsable de Medio ambiente e praias	N.A.	N.A.	Dentro do edificio de protección civil tamén atópanse os servizos sociais, polo que os consumos de gasóleo son compartidos, imposibilitando medidas de redución a parte das xa implantadas.

MELLORA: reforma integral da pasarela e ramplas da praia de Razo	Impacto visual positivo na praia de Razo	6	reforma integral da pasarela e ramplas da praia de Razo	Concellería de Medio Ambiente	OB. 1	Decembro 2022	Seguimento no formato correspondente
Excesivo consumo de auga	diminución de recursos naturais	6	Mantemento da cartelería para a concienciación do uso consciente da enerxía eléctrica	Responsable de Medio ambiente e praias	N.A.	N.A.	O consumo de auga durante o 2022 inclúe tamén o consumo de Arnados, praia que se volve a incluír durante este ano no sistema de xestión. Por outro lado, no caso da praia de Razo, este elevado incremento debeuse a unha fuga de auga durante a realización das obras da pasarela, situación que xa se atopa solucionada. Como medida de acción para este ano será, a parte de pechar a auga nas casetas de salvamento tras a finalización do servizo de salvamento, tamén se pecharán en duchas e lavapés, co cal se pretende diminuír o seu consumo.
Incremento das emisións das lanchas	diminución de recursos naturais	6	As lanchas de salvamento son utilizadas dentro do servizo de socorrismo para vixilancia e salvamento dos bañistas nas praias. Por	Responsable de Medio ambiente e praias	N.A.	N.A.	Non se establecerán obxectivos nin medidas para reducir o consumo de combustible nas lanchas de salvamento xa que non é posible, posto que se trata de un servizo de vixilancia e

			ese motivo, non se pode reducir a súa utilización xa que é un medio de protección dos usuarios das praias				prevención de posibles accidentes
Acampada libre de autocaravanas en zonas de especial protección	Alteración fisicoquímica do medio Impacto visual no medio	6	Intenta darse aviso os axente da garda civil e do Seprona para que tomen as medidas oportunas	Responsable de Medio ambiente e praias	N.A.	N.A.	Posto que a zona onde acampan as autocaravanas é Rede Natura non é competencia do Concello
Peches da praia por resultados analíticos incorrectos no auga	Alteración fisicoquímica do medio Impacto visual no medio	6	Dende o Órgano Xestor de praias intentarase levar a cabo un programa de concienciación dentro da poboación que viven en Razo, para evitar que se produzan vertidos a rede de pluviais	Responsable de praias e Concellería de MA	N.A.	N.A.	As medidas levadas a cabo ata o momento non provocaron unha melloría na calidade da auga de baño, polo que como medida de prevención ata atopar una solución a esta situación, decídese colocar un cartel informativo para os usuarios. Para o ano 2023 será un punto principal a ter en conta polo órgano xestor para poder eliminar ou minimizar este risco.

## 8. DESCRIPCIÓN E EXPLICACION DE TODOS OS ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS DIRECTOS E INDIRECTOS SIGNIFICATIVOS

### ❖ ASPECTOS AMBIENTAIS SIGNIFICATIVOS

O sistema conta con un rexistro para identificar os aspectos ambientais e realizar a súa avaliación. A partir dos resultados obtidos o órgano propón uns obxectivos polo menos para algúns dos aspectos ambientais significativos.

A avaliación dos aspectos ambientais realízase en función da media obtida durante os anos anteriores, a partir da cal se obtén unha puntuación segundo os criterios establecidos e o resultado será considerado “Significativo” ou “Non Significativo”.

Para a avaliación de aspectos ambientais directos empréganse os seguintes criterios:  
-**Toxicidade (T)**: Este atributo ten en conta a intensidade do impacto ambiental, no medio ambiente e nas persoas, xerado por cada un dos aspectos ambientais das actividades ou servizos da organización.

-**Magnitude (M)**: A magnitude indica a dimensión cuantitativa do aspecto ambiental xerado durante un ano polas actividades ou servizos da organización. Tomásense en conta en relación do % do tempo que se poden estar a producir estas emisións, verteduras, ruído, residuos.

A avaliación final (EF) de cada aspecto ambiental calcúlase mediante a seguinte fórmula:

$$EF = (50 \times T) + (30 \times M)$$

En función do valor da avaliación final (EF) do aspecto medioambiental, o Responsable de Medioambiente obtén o nivel de significancia segundo a seguinte táboa:

SIGNIFICANCIA	VALOR DE EF
Aspecto significativo	EF >160
Aspecto non significativo	EF ≤160

No caso dos aspectos indirectos asociados aos servizos empréganse os seguintes atributos:

-**Valor (V)**: Este atributo ten en conta o desempeño ambiental das empresas contratadas e provedoras así como o carácter ecolóxico dos produtos comprados ou dos servizos contratados.

-**Influencia (I)**: A influencia indica a capacidade da nosa organización para reconducir eses aspectos ambientais indirectos co obxecto de obter beneficios ambientais.

A avaliación final (EF) de cada aspecto ambiental calcúlase mediante a seguinte fórmula:

$$EF = (60 \times V) + (40 \times I)$$

En función do valor da avaliación final (EF) do aspecto ambiental, o Responsable de Medio obtén o seu nivel de significancia entrando na seguinte táboa:

SIGNIFICANCIA	VALOR DE EF
Aspecto significativo	EF >200
Aspecto non significativo	EF ≤200

Para os aspectos ambientais de emerxencia asociados aos servizos empréganse os seguintes atributos:  
**-Frecuencia de Ocorrencia (F):** : Seguiranse as valoracións descritas na táboa adxunta.

FRECUENCIA DE OCORRENCIA		
1	2	3
<b>BAIXA:</b> non existen antecedentes de ocorrencia anterior no ultimo ano.	<b>MEDIA:</b> aconteceu 1 vez no último ano.	<b>ALTA:</b> aconteceu máis de 1 vez no último ano.

**-Gravidade das consecuencias (G):** Seguiranse as valoracións descritas na táboa adxunta.

GRAVIDADE DAS CONSECUENCIAS		
1	2	3
<b>BAIXA:</b> os danos que causa ao medioambiente son leves, reversibles e recuperables nun prazo de 1 semana aproximadamente.	<b>MEDIA:</b> os danos que causa ao medioambiente son leves, reversibles e recuperables nun prazo de 1 mes aproximadamente.	<b>ALTA:</b> os danos que causa ao medioambiente son graves, irreversibles e irrecuperables en período inferior a 1 mes.

Tras aplicar os criterios anteriores, calcúlase o Risco Ambiental (R.M.), asociado mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{R.M.} = \text{Frecuencia de ocorrencia} \times \text{Gravidade das consecuencias}$$

O risco ambiental resultante será Significativo, Moderado ou Baixo, en función da seguinte escala:

RISCO AMBIENTAL (R.M)	
R.M.= 1	BAIXO
R.M.= 2	MODERADO
$2 < \text{R.M} \leq 6$	SIGNIFICATIVO

O Responsable de Medio ambiente identifica os aspectos ambientais que afectan á organización en condicións normais de funcionamento. Fai o mesmo cos que se xeren en condicións anormais como por exemplo operacións de mantemento excepcionais ou outras circunstancias. Para iso servírase da análise das actividades e servizos que se levan a cabo tanto pola propia organización coma polas empresas externas e sobre os que a organización teña control ou poida razoablemente controlar. No caso de que se vaia iniciar unha actividade, proceso ou servizo novo, ou haxa modificacións de tipo legal que afecten a algunha das actividades existentes, o Responsable de Medio ambiente realiza unha identificación extraordinaria dos aspectos ambientais que poidan aparecer como consecuencia dos cambios mencionados.

Polo que teremos:

- ✓ Aspectos ambientais directos.
- ✓ Aspectos ambientais Indirectos.

- ✓ Aspectos ambientais relacionados con incidentes, accidentes, etc., que se regulan no procedemento P-03 PLANS DE EMERXENCIA.

As actividades e servizos que se desenvolven nas praias, contan con procedementos de traballo e actuación medioambiental, para que se minimize calquera posible impacto sobre o medio ambiente no ámbito de aplicación.

Listado de aspectos ambientais significativos:

VECTOR	ASPECTO	IMPACTO	D/I
Consumos	Auga Pedra do Sal	Diminución de recursos naturais	D
	Eléctrico Baldaio-Saiñas	Diminución de recursos naturais	D
	Eléctrico Pedra do Sal	Diminución de recursos naturais	D
	Combustible vehículo	Diminución de recursos naturais	D
	Combustible lancha Razo	Diminución de recursos naturais Emisión de gases	D
	Combustible lancha Baldaio	Diminución de recursos naturais Emisión de gases	D
	De gasóleo (calefacción protección civil)	Diminución de recursos naturais	D
Vertido	Pluviais da zona da Cabreira	Alteración fisicoquímica do medio Impacto visual no medio	D
Emisións	Lancha de salvamento Razo (CO2)	Emisión de gases a atmosfera	D
	Lancha de salvamento Baldaio (CO2)	Emisión de gases a atmosfera	D

D: aspecto directo  
 I: aspecto indirecto

## **9. DESCRIPCIÓN DOS OBXETIVOS E METAS MEDIOAMBIENTAIS EN RELACIÓN COS ASPECTOS E IMPACTOS AMBIENTAIS SIGNIFICATIVOS E COS RISCOS E OPORTUNIDADES**

Para reducir a significancia dos aspectos ambientais significativos propónse o seguinte obxectivo coa finalidade da súa consecución durante o ano 2022:

- Substituír o 100% da pasarela e ramplas de madeira no paseo da praia de Razo.
- Redución do consumo de gasóleo nun 2% con respecto o ano 2021.

Na seguinte táboa levarase a cabo o seguimento dos obxectivo descrito con anterioridade:

<b>OBXECTIVOS PROPOSTOS</b>		substitución da pasarela e as ramplas de madeira do paseo da praia de Razo				
<b>DEPARTAMENTO</b>		Concellaría de Medio Ambiente				
<b>CENTRO (NOME DA PRAIA)</b>		Praia de Razo				
<b>DATA PREVISTA</b>		Decembro 2022				
<b>METAS</b>		Substituír o 100% da pasarela e ramplas de madeira no paseo da praia de Razo				
<b>RESPONSABLE DO SEGUIMENTO</b>		Responsable de medioambiente				
<b>INDICADOR</b>		Consecución/ non consecución				
<b>PROGRAMA AMBIENTAL E DESCRICIÓN DAS TAREFAS</b>						
Nº	Descrición da tarefa	Resp. /Medios	Data de inicio	Data prevista fin	Data real fin	Resultados de acción
1	Elaboración do proxecto para a súa presentación ante os órganos competentes	Concellaría de Medio Ambiente do Concello de Carballo	Setembro-21	Decembro-21	Outubro-21	OK
2	Entrega do proxecto os órganos competentes para a súa aprobación	Concellaría de Medio Ambiente do Concello de Carballo	Novembro-21	Xuño-22	Maio-22	OK
3	Exposición das bases para a presentación de presupostos para a realización das obras	Concellaría de Medio Ambiente do Concello de Carballo	Maio-22	Maio-22	Maio-22	OK
4	Adxudicación da obra	Concellaría de Medio Ambiente do Concello de Carballo	Xuño-22	Xuño-22	Xuño-22	OK
5	Realización da obra por parte da empresa adxudicataria	Concellaría de Medio Ambiente do Concello de Carballo	setembro-22	Decembro-22	Decembro-22	OK
<b>SEGUIMENTO</b>						
Data Control resultados	Resultado	Causas incumprimento			Acc. Correctiva	
Agosto 2022	0 metros substituídos	Fecha prevista de inicio setembro 2022, o rematar a tempada de baño, para non afectar ao desenvolvemento das actividades estivais				
Decembro 2022	600 m					
<b>VALORACIÓN FINAL DO OBXECTIVO</b>						
<p>Dende o Órgano Xestor das praias decídese, como un obxectivo de mellora, realizar unha reforma integral da pasarela e ramplas do paseo da praia de Razo, con algo máis de 600 m de lonxitude e case 20 anos de antigüidade. Tras o proceso de elaboración do proxecto, autorización por parte dos organismos competentes e o estudo dos presupostos para a realización das obras, finalmente é a empresa Jardinería Arce a que levará a cabo a substitución da pasarela e ramplas con un presuposto de 164.064,57 Euros.</p> <p>O prazo establecido para a execución das obras é de 4 meses, tempo no que se procederá a demolición e levantamento das estruturas actuais e a limpeza da zona, a reposición do borde de formigón, a instalación da nova pasarela de madeira de pino tratada, así coma das ramplas de accesibilidade. O proxecto tamén prevé o traslado das columnas de alumeadado público, bandeirolas e megafonía que invaden a zona de paso e a ampliación dos</p>						



cubre-contedores.


Dende o Órgano Xestor das praias tomouse a decisión de comezar as obras en setembro, coa finalidade de evitar molestias os usuarios da praia de Razo.



Tras os catro meses de actuación das obras, en decembro de 2022 danse por finalizadas, conseguindo o obxectivo plantexado.

**Data e Sinatura do Responsable de Medio ambiente**

<b>OBXECTIVOS PROPOSTOS</b>	Utilización de un vehículo de salvamento máis eficiente					
<b>DEPARTAMENTO</b>	Concellaría de Medio Ambiente					
<b>CENTRO (NOME DA PRAIA)</b>	Praia de Razo, Baldaio-Saiñas e Pedra do Sal					
<b>DATA PREVISTA</b>	Decembro 2022					
<b>METAS</b>	Redución do consumo de gasóleo nun 2% con respecto o ano 2021					
<b>RESPONSABLE DO SEGUIMENTO</b>	Responsable de medioambiente					
<b>INDICADOR</b>	MWh/traballador (indicador ambiental)					
<b>PROGRAMA AMBIENTAL E DESCRICIÓN DAS TAREFAS</b>						
Nº	Descrición da tarefa	Resp. /Medios	Data de inicio	Data prevista fin	Data real fin	Resultados de acción
1	Estudio de posibles opcións de aluguer de vehículos eficientes	Responsable de Medio Ambiente	01/06/2022	10/06/2022	31/07/2022	OK
2	Puntos de carga eléctrica en Carballo	Responsable de Medio Ambiente	01/06/2022	10/06/2022	31/07/2022	OK

SEGUIMIENTO					
Data Control resultados	Resultado		Causas incumprimento	Acc. Correctiva	
<b>VALORACIÓN FINAL DO OBXECTIVO</b>					
Dato de partida:					
	Ano 2021			2021	2022
	TOTAL MWh GASOIL M6	TOTAL MWh GASOIL M6/ TRABALLADOR	%REDUCCIÓN	TOTAL MWh GASOIL VEHICULO SALVAMENTO NOVO / TRABALLADOR OBTIDO	TOTAL MWh GASOIL VEHICULO SALVAMENTO NOVO / TRABALLADOR OBTIDO
GASOIL	14.58	0.49	2% 0.48	0.12	0.16
<p>O Consumo de combustible nos vehículos e embarcacións sempre foi un factor limitante, posto que ano tras ano se convirte nun aspecto ambiental significativo.</p> <p>Durante o ano 2021 tomouse a decisión de alugar un vehículo de uso exclusivo para o persoal de salvamento, posto que o que se atopaba asignado ata o momento era o M6, un vehículo empregado para labores de Protección Civil e en apoio as Brigadas Contraincendios durante a tempada de verán. Esta situación provocaba que cada ano o consumo se vira incrementado, sen posibilidade a tomar medidas para a súa redución.</p> <p>Tras o estudo das diferentes opcións para o aluguer de vehículos máis sostibles, dende o órgano xestor tomouse a decisión de que, tras o descenso considerable producino no consumo de combustible (67%), en estes momentos non é viable un cambio de vehículo, sen embargo, esta opción estará presente para futuras situacións.</p> <p>No relativo a consecución do obxectivo, considérase APTO xa que se conseguir unha diminución de máis do 20% tanto no ano 2021 coma no 2022. 67%</p>					
<b>Data e Sinatura do Responsable de Medio ambiente</b>					
					

Programa de obxectivos propostos para o ano 2023:

- Valores de Enterococos e Escherichia coli < 1.000 UFC ou NMP/100 ml no tubo da Cabreira.
- Substituír o 100% da pasarela de acceso as praias en Razo, e mellora da plataforma na contorna da caseta de salvamento en Pedra do Sal.

## ❖ COMPORTAMENTO AMBIENTAL

O comportamento ambiental do órgano xestor de praias en relación os aspecto máis relevantes xerados debido as actividades e servizos que se prestan nas praias, realízase mediante a análise da evolución dos indicadores básicos de comportamento ambiental.

Este ano os datos dos que dispón o órgano xestor de praias son dende o ano 2020 ata o ano 2022.

Tras a análise medioambiental do noso sistema de xestión establecéronse unha series de indicadores, para o que se tivo en conta a Decisión (UE) 2019/61 da Comisión do 19 de decembro do 2018 relativa o documento de referencia sectorial sobre as mellores prácticas de xestión ambiental, os indicadores sectoriais de comportamento ambiental e os parámetros comparativos de excelencia para o sector da administración pública no marco do Regulamento (CE) nº 1221/2009. O Órgano Xestor das praias procedeu o desenvolvemento de algúns de eses indicadores propostos no correspondente DRS relacionados cos aspectos ambientais considerados como significativos, sen embargo, aínda se segue avanzando na aplicación das mellores prácticas de xestión ambiental tendo en conta a súa aplicabilidade no relativo os seus costes e beneficios.

O órgano xestor de praias do concello de Carballo indica a continuación unha táboa de referencias onde se indican os factores de conversión necesarios para adaptar os datos rexistrados as unidades coas que se expresan os indicadores básicos.

ASPECTO	FACTOR DE CONVERSIÓN	CIFRA A	CIFRA B	CIFRA R
Eficiencia enerxética	0,001 MWh	MWh	Traballador	MWh/traballador
Auga	Non é necesario factor de conversión	m3	Traballador	m3/traballador
Consumo de gasóleo	35,86 MJ/l	MWh	Traballador	MWh/traballador
Consumo de gasolina	34,78 MJ/l	MWh	Traballador	MWh/traballador
Biomasa (Peles)	5,0 MWh	MWh	Traballador	MWh/traballador
R.S.U.	Non é necesario factor de conversión	Tn	Traballador	Tn/traballador
Residuos Envases	Non é necesario factor de conversión	Tn	Traballador	Tn/traballador
Residuos Papel-cartón	Non é necesario factor de conversión	Tn	Traballador	Tn/traballador
Residuos Vidro	Non é necesario factor de conversión	Tn	Traballador	Tn/traballador
Residuos Fosa fecais	Non é necesario factor de conversión	Tn	Traballador	Tn/traballador
Consumo Tóner	0,2 kg/tóner	Tn	Traballador	Tn/traballador
Consumo papel	2,485 KG/paquete A4	Tn	Traballador	Tn/traballador
Residuos biosanitarios	Non é necesario factor de conversión	Tn	Traballador	Tn/traballador
Biodiversidade	Non é necesario factor de conversión	m2	Traballador	m2/traballador
Emisión combustible gasóleo	segundo calculadora de conversión	Tn/CO2	Traballador	Tn/CO2 traballador
Emisión combustible gasolina	2,3 Kg CO2	Tn/CO2	Traballador	Tn/CO2 traballador
Emisión combustible gasóleo (CH4)	0,0007 Kg CO2e	Tn/ CO2e	Traballador	Tn/CH4 traballador
Emisión combustible gasolina (CH4)	0,0034 Kg CO2e	Tn/ CO2e	Traballador	Tn/CH4 traballador
Emisión combustible gasóleo (N2O)	0,021 Kg CO2e	Tn/ CO2e	Traballador	Tn/N2Otraballador
Emisión combustible gasolina (N2O)	0,0046 Kg CO2e	Tn/ CO2e	Traballador	Tn/N2Otraballador
Tubos fluorescentes	0,6 kg N2O	Tn	Traballador	Tn/traballador
Establécense 4 traballadores para as oficinas, o número de socorristas dependerá das prazas cubertas para cada ano.				

No relativo o número de traballadores (cifra B), tense establecida unha proporción segundo o número total de socorristas contratados cada ano, de este xeito, do total contratado, o 50% abicaranse na praia de Razo, o 35% na de Baldaio-Saiñas e o 15% na de Pedra do Sal.

Para aqueles aspectos nos que se consideren o número total de socorristas, será sempre tendo en conta o número de traballadores contratados cada ano, o cal pode variar debido a que non se cobren todas as prazas ofertadas.

## ENERXÍA

O consumo de enerxía eléctrica das praias procede da rede eléctrica convencional, e existen contadores diferenciados para as praias de Razo e a de Pedra do Sal. Os resultados obtidos do período comprendido entre o ano 2020 ata o 2022 son extraídos das facturas para o caso das praias de Razo e de Pedra do Sal, sen embargo, na praia de Baldaio-Saiñas os datos son estimados, segundo información facilitada polo responsable de praias, obtida a través dunha estimación mínima por enganche durante a tempada de verán.

Na actualidade, o gasto enerxético que existe nas casetas durante a tempada de verán débese o seu mantemento e funcionamento, que consiste na luz artificial, termos de auga quente e o bombeo da auga residual a rede de saneamento, sen embargo, o longo de todo o ano lévanse a cabo actividades dirixidas por diferentes entidades tales como, deportivas, culturais e colexios, esto fai que exista un consumo persistente o longo de todo o ano.

Durante o ano 2022, o consumo de electricidade viuse incrementado en todas as praias, sendo o máis significativo o producido en Pedra do Sal. Se ben na praia de Razo os MWh diminuíron con respecto a anos anteriores, o menor número de traballadores (cifra B) fixo que se vira reflexado no consumo total. Dende o órgano xestor estanse a tomar medidas para identificar a causa de ese levado gasto enerxético, xa que polo momento non se atopou nada concluínte que explicase ese incremento de consumo en Pedra do Sal.

Manterase a cartelería de sensibilización colocada nas diferentes praias, así como en todas as dependencias do concello.

PRAIAS	ENERXÍA ELECTRICA 2020 CIFRA A (MWh)	CIFRA B (traballador)	CIFRA R (MWh/traballador)
RAZO	1,25	15	0,083
BALDAIO-SAIÑAS	0,14	10	0,014
PEDRA DO SAL	0,48	5	0,095


Consumo contabilizado durante o ano de estudo  
 Cifra B= Fai referencia o número de traballadores nas praias  
 Factor de conversión: 0,001MWh

PRAIAS	ENERXÍA ELECTRICA 2021 CIFRA A (MWh)	CIFRA B (traballador)	CIFRA R (MWh/traballador)
RAZO	1,26	15	0,084
BALDAIO-SAIÑAS	0,14	10	0,014
PEDRA DO SAL	0,88	5	0,176

Consumo contabilizado durante o ano de estudo  
 Cifra B= Fai referencia o número de traballadores nas praias  
 Factor de conversión: 0,001MWh

PRAIAS	ENERXÍA ELECTRICA 2022 CIFRA A (MWh)	CIFRA B (traballador)	CIFRA R (MWh/traballador)
RAZO	1,04	12	0,087
BALDAIO-SAIÑAS	0,14	8	0,018
PEDRA DO SAL	1,56	4	0,391

Consumo contabilizado durante o ano de estudo  
 Cifra B= Fai referencia o número de traballadores nas praias  
 Factor de conversión: 0,001MWh




Analízanse tamén o consumo de enerxía das oficinas destinadas as tarefas de administración, que engloba o consumo do persoal que traballa nas oficinas de protección civil.

Neste caso, pode apreciarse que durante o 2022 se produciu un pequeno aumento no consumo de electricidade no edificio de protección civil. Ó igual que nas praias, existe cartelería de sensibilización, polo que se manterá para intentar continuar coa sensibilización ante a necesidade de consumir a enerxía imprescindible.

	ANO 2020	ANO 2021	ANO 2022
consumo total kWh oficinas	29507	28217	30436
Mwh oficinas Cifra A	29,507	28,217	30,436
Nº de traballadores Cifra B	4	4	4
MWh oficinas/traballador Cifra R	7,38	7,05	7,61

Consumo contabilizado durante o ano de estudo  
 Cifra B= Fai referencia o número de traballadores nas oficinas  
 Factor de conversión: 0,001MWh



No relativo a enerxía renovable consumida pola organización durante o ano 2022, foron xerados 38 MWh a través de fontes renovables (eólica) segundo a información facilitada polo provedor. En relación o ano 2020, non se dispón de esta información, posto que non foron facilitados pola subministradora, e o ano 2021 foron xerados foron xerados 117 MWh a través de fontes renovables (eólica).

	ANO 2021	ANO 2022
Mwh de enerxía renovable oficinas Cifra A	117	38
Nº de traballadores Cifra B	34	28
MWh oficinas/traballador Cifra R	3,44	1,36

Cifra A= enerxía renovable consumida de fontes renovables (dato facilitado pola subministradora)  
 Cifra B= Fai referencia o número de traballadores nas praias e nas oficinas

## AUGA

O consumo de auga fai referencia a auga consumida nas oficinas do órgano xestor, e dicir, de todo o edificio de protección civil, e a auga consumida nas praias. A continuación obsérvase a evolución do consumo dende o ano 2020 ata o 2022 por área:

AUGA ANO 2020			
PRAIAS	AUGA-CIFRA A (m3)	CIFRA B (traballador)	CIFRA R (m3/traballador)
RAZO	801,63	15	53,4
BALDAIO-SAIÑAS	341,88	10	34,2
PEDRA DO SAL	677,68	5	135,5
OFICINAS	616	4	154


PEDRA DO SAL	16/06/2022	< 50,00 mg/kg peso seco

### CONTROL DA AUGA DAS DUCHAS:

Realízase un control de auga das duchas para o control de *lexionella*, altérnase dun ano a outro a ducha controlada, estes controis realízanse todos os anos ó comezo da tempada de baño. Preséntanse os resultados dos controis para a tempada 2022.

CONTROL DE LEGIONELLA NAS DUCHAS		
PRAIA	DATA	LEGIONELLA
RAZO	18/07/2022	No detectado
BALDAIO-SAIÑAS	18/07/2022	No detectado
PEDRA DO SAL	18/07/2022	No detectado

### CONTROL DA AUGA DOS TERMOS (AUGA QUENTE SANITARIA):

Realízase un control de auga dos termos para o control de *lexionella*, estes controis realízanse todos os anos ó comezo da tempada de baño. Preséntanse os resultados dos controis para a tempada 2022.

CONTROL DE LEGIONELLA NOS TERMOS		
TERMO	DATA	LEGIONELLA
RAZO	18/07/2022	No detectado
BALDAIO-SAIÑAS	18/07/2022	No detectado
PEDRA DO SAL	18/07/2022	No detectado

## 10. CUMPRIMENTO DA LEXISLACION AMBIENTAL

A organización cumpre con todos os requisitos legais e outros requisitos aplicables as actividades nas praias, incluídos aqueles requisitos legais relacionados coa seguridade industrial. Facílítase un cadro resumen coa xustificación dos requisitos máis importantes:

REFERENCIA LEGAL	REQUISITO APLICACIÓN	XUSTIFICACIÓN CUMPRIMENTO
Regulamento (CE) n o 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de novembro de 2009 , relativo a participación voluntaria de organizacións en un sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS), polo que se derogan o Regulamento (CE) n o 761/2001 e as Decisións 2001/681/CE e 2006/193/CE da Comisión (modificado polo Regulamento 517/2013, o Regulamento 2017/1505 y polo Regulamento (UE) 2018/2026 de la Comisión, de 19 de decembre de 2018, que modifica o anexo IV do Regulamento (CE) n.º 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo a participación voluntaria de organizacións en un sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS))	<p>Todo o Regulamento e en particular o Artigo 4 Preparación para o rexistro</p> <p>1. As organizacións que queiran inscribirse por primeira vez no rexistro:</p> <p>a) realizarán unha análises medioambiental de todos os seus aspectos medioambientais de conformidade cos requisitos establecidos no anexo I e no punto A.3.1 do anexo II;</p> <p>b) la luz dos resultados do análises medioambiental, desenrolaran e aplicarán un sistema de xestión medioambiental que abarque todos os requisitos os que se refire o anexo II e tendendo en conta, cando se dispoña de elas, as mejores prácticas de xestión medioambiental para o sector específico o que se refire el artigo 46, apartado 1, letra a);</p> <p>c) realizarán unha auditoría interna conforme os requisitos establecidos no punto A.5.5 do anexo II y no anexo III;</p> <p>d) prepararán unha declaración medioambiental con arreglo o anexo IV. Cando se dispoña dos documentos de referencia sectoriais os que se refire o artigo 46 para un sector específico, a avaliación do comportamento medioambiental da organización terá en conta o documento pertinente.</p> <p>ANEXO I. ANÁLISIS MEDIOAMBIENTAL</p> <p>ANEXO II. Requisitos do Sistema de Xestión Medioambiental e aspectos adicionais que deben tratar as organizacións que aplican EMAS</p> <p>ANEXO III. AUDITORÍA MEDIOAMBIENTAL INTERNA</p> <p>ANEXO IV. PRESENTACIÓN DE INFORMES MEDIOAMBIENTALES</p> <p>ANEXO V. LOGOTIPO EMAS</p> <p>ANEXO VI. INFORMACIÓN NECESARIA PARA O REXISTRO</p> <p>ANEXO VII. DECLARACIÓN DO VERIFICADOR MEDIOAMBIENTAL SOBRE AS ACTIVIDADES DE VERIFICACIÓN E VALIDACIÓN</p> <p>ANEXO VIII. TABLA DE CORRESPONDENCIAS</p>	O concello ten un manual de Xestión Medioambiental e os procedementos correspondentes para cumprir cos requisitos do regulamento
Decisión 2013/131/UE da Comisión do 4 de marzo de 2013 pola que se establece a Guía de usuario na que figuran os pasos necesarios para participar no EMAS con arreglo o Regulamento 1221/2009 do Parlamento Europeo e o Consello, relativo a participación voluntaria das organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS) (modificada por Decisión 2017/2285)	O obxectivo do presente documento é proporcionar un asesoramento claro e simple as organizacións interesadas no EMAS aportando información adicional que aclare os pasos necesarios para participar no EMAS	
ISO 14001:2015	Sistema de Xestión Ambiental	No 2017 obtivemos o novo certificado da ISO 14001:2015

<p>Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa a xestión da calidade das augas de baño y polo que se deroga a Directiva 76/160/CEE (Modificada polo Regulamento 596/2009 e Directiva 2013/64 (Mayotte))</p>	<p>"O artigo 12, apartado 1, letra a), da Directiva 2006/7/CE dispón a obrigación de informar ao público, con un símbolo claro e sinxelo, da clasificación vixente das augas de baño, así como de calquera prohibición ou recomendación que afecte a este.                  A Directiva establece disposicións para:                  a) o control e a clasificación da calidade das augas de baño;                  b) a xestión da calidade das augas de baño;                  c) O suministro de información ao público sobre a calidade das augas de baño."</p>	<p>De forma anual determinarase a duración da tempada de baño. Realízanse analíticas da calidade da auga de forma periódica durante a tempada de baño. Os resultados obtidos poden ser consultados a través da páxina web da Xunta e os paneis informativos das praias.</p>
<p>Decisión 2011/321/UE de Execución da Comisión, de 27 de maio de 2011, que establece, en virtude da Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, un símbolo para informar ao público da clasificación das augas de baño e de calquera prohibición ou recomendación que afecte a este.</p>	<p>Establece la simboloxía para informar sobre calquera prohibición de baño ou recomendación de absterse do mesmo e sobre a clasificación das augas de baño.</p>	<p>No caso de que se prohiba o baño en calquera das praias, procederase ao balizado da mesma coas indicacións oportunas aos bañistas, tanto con sinalización como por parte dos socorristas.</p>
<p>Real Decreto 487/2022, do 21 de xuño, polo que se establecen requisitos sanitarios para a prevención e o control da lexionelose (e as súas modificacións como o RD 3/2023)</p>	<p>Obxecto: protección da saúde da poboación a través da prevención e control da lexionelose mediante a adopción de medidas sanitarias en aquelas instalacións que utilicen auga nas que Lexionela é capaz de proliferar, e diseminarse a través de aerosoles e da exposición das persoas os mesmos.                  Ámbito de aplicación: as medidas contidas en este real decreto aplicaranse as instalacións que poidan ser susceptibles de converterse en focos de exposición humana a bacteria e, polo tanto, de propagación da enfermidade da lexionelose durante o seu funcionamento, probas de servizo do mantemento, tales como as descritas no anexo I.                  RELACIÓN NON EXHAUSTIVA DE INSTALACIÓNS E EQUIPOS: 1. Sistemas de auga sanitaria; 2. Torres de refrixeración e condensadores evaporativos; 3. Equipos de enfriamento evaporativo; 4. Centrais humidificadoras industriais; 5. Humidificadores; 6. Sistemas de auga contra incendios; 7. Sistemas de auga climatizada ou con temperaturas similares as climatizadas (<math>\geq 24</math> °C) e aerosolización con/sen axitación e con/sen recirculación a través de chorros de alta velocidade ou a inxección de aire, vasos de piscinas polivalente con este tipo de instalacións, vasos de piscinas con dispositivos de xogo, zonas de xogos de auga, setas, cortinas, cascadas, entre outras; 8. Fontes ornamentais con difusión de aerosois e fontes transitables; 9. Sistemas de rego por aspersión no medio urbano o en campos de golf ou deportes; 10. Dispositivos de enfriamento evaporativo por pulverización mediante elementos de refrixeración por aerosolización; 11. Sistemas de lavado de vehículos; 12. Máquinas de rego ou baldeo de vías públicas e vehículos de limpeza viaria; 13. Calquera elemento destinado a refrixeración e/ou humectación susceptible de producir aerosois non incluído no resto de puntos; 14. Instalacións de uso sanitario / terapéutico: Equipos de terapia respiratoria; respiradores; nebulizadores; sistemas de auga a presión en tratamentos dentais; bañeiras terapéuticas con auga a presión; bañeiras obstétricas para partos e instalacións que utilicen augas declaradas mineromedicinais ou termais; 15. Calquera outra instalación que utilice auga no seu funcionamento e produza ou sexa susceptible de producir aerosois que poidan supoñer un risco para a saúde da poboación.                  Responsabilidade: as persoas físicas o xurídicas titulares</p>	<p>O órgano xestor das praias realiza un control interno cada tempada dun grupo de duchas por praia alternando as mostraxes cada ano</p>

	<p>das instalacións obxecto de este real decreto son as responsables do cumprimento do disposto neste real decreto.</p> <p>Actuacións do titular da instalación: a persoa titular de una instalación obxecto de este RD estará obrigada a controlar e previr a aparición e proliferación de Lexionela. Para eso, poderán optar entre elaborar un Plan de Prevención e Control de Lexionela (PPCL) o un Plan Sanitario fronte a Lexionela (PSL). Con obxecto de minimizar a presenza, proliferación e dispersión de Lexionela estableceranse unha serie de medidas preventivas nas instalacións de risco, que se basearan na aplicación de catro principios: a) Garantir a eliminación ou redución de zonas sucias, o acumulo de sociedade, así como os estancamentos mediante un bo deseño e o mantemento das instalacións e equipos; b) Evitar as condicións que favorecen a supervivencia e multiplicación de Lexionela, mediante o control da temperatura da auga e a desinfección da mesma; c) Minimizar a emisión de aerosoles; d) Aplicar medidas correctoras para mitigar o risco.</p>	
<p>Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais (Téñase en conta que o Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo a tramitación da renta de inclusión social de Galicia y das axudas de inclusión social DEROGA os números 2 e 7 do artigo 26 do Decreto 136/2012, no relativo a competencia da consellería en materia de servizos sociais en na acreditación de situación de exclusión social da unidade de convivencia).</p>	<p>Deroga o Decreto 8/1999 do canon de saneamento</p> <p>O canon da auga grava o uso o consumo real ou potencial da auga de calquera procedencia, con calquera finalidade e mediante calquera aplicación, incluso non consuntiva, por causa da afectación o medio que a súa utilización poida producir. O canon esíxese tanto polo uso ou consumo facilitado por entidades suministradoras, como polo uso ou consumo en réxime de concesión para abastecemento o procedente de captacións propias, superficiais ou subterráneas, incluso pluviais e mariñas.</p> <p>O coeficiente de vertido grava este uso cando o vertido se realice a un sistema de depuración xestionado por la Administración hidráulica de Galicia</p>	<p>Nas facturas de auga das praias figura a cantidade correspondente ao canon</p>
<p>Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia</p>	<p>Ten por obxecto establecer o réxime xurídico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da xeodiversidade, aplicable no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>Artigo 21. Concepto de espazo natural protexido</p> <p>1. Son espazos naturais protexidos da Comunidade Autónoma de Galicia aqueles que sexan declarados como tales pola administración competente, ó concorrer nos mesmos algún dos requisitos seguintes:</p> <p>a) conter sistemas ou elementos naturais representativos, singulares, fráxiles, ameazados ou de especial interese ecolóxico, científico, paisaxístico, xeolóxico ou educativo</p> <p>b) contribuír a garantir o bo estado de conservación dos hábitats, comunidades e especies presentes en calquera das fases do seu ciclo vital, que se atopen ameazados ou que o amparo de convenios internacionais subscritos por España ou de disposicións específicas requiran una protección especial</p>	<p>O complexo natural Razo-Baldaio está incluído na Rede de Espazos Protexidos de Galicia</p>



<p>Ordenanza municipal reguladora de las playas del Ayuntamiento de Carballo Publicación definitiva : 27-11-2013 BOP Nº 226</p>	<p>Regula o uso das praias do concello de Carballo.                  § Non se permitirá o uso de aparellos sonoros ou instrumentos musicais cando polo seu volume poidan molestar ao resto dos usuarios da praia. A Unidade de Salvamento e Socorrismo poderá utilizar megafonía e aparellos sonoros para o correcto desenvolvemento do servizo. Poderá autorizarse, con carácter excepcional, o uso de megafonía, aparellos sonoros ou instrumentos musicais para eventos debidamente autorizados.                  § A realización de calquera tipo de actividade ou disposición de obxectos, aínda de forma temporal, deberá dispor da preceptiva autorización municipal, ou do órgano administrativo competente que teña competencias en materia de Costas.                  § Corresponde á Administración municipal a limpeza e o acondicionamento das praias do termo municipal. A limpeza realizarase do xeito que sexa máis adecuado ás características de cada unha das praias, coa frecuencia e co horario previstos para a axeitada xestión do servizo, retirando os residuos e baleirando as papeleiras públicas e os recipientes de residuos dispostos nas praias durante a tempada de baño.                  § O concello adoptará as medidas oportunas de control dos verquidos e depósitos de materiais.                  § O concello instalará nas praias polo menos un aseo público accesible durante a tempada de baño.                  § A poboación terá dereito a ser informada polo concello da falta de aptitude para o baño e das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes. O concello facilitará, información actualizada das calidades das augas do baño e a fará pública na tempada estival.                  § O emprazamento de calquera tipo de instalación (só dos servizos de tempada e das instalacións desmontables na praia) deberá contar coa preceptiva autorización municipal.                  § As praias disporán durante a tempada de baño de servizos de Salvamento e Socorrismo naquelas zonas de baño debidamente balizadas. A Unidade de Salvamento e Socorrismo atenderá os postos de salvamento existentes nas praias exclusivamente durante o horario que determine o concello e que figure exposto nos carteis indicadores situados nas praias. Nas praias con zonas de baño debidamente balizadas, debe haber un servizo de Salvamento e Socorrismo, formado por un conxunto de medios humanos e materiais, que posibiliten a adopción dunha serie de medidas organizativas, de planificación e de seguridade e protección                  § Todo o persoal que realice tarefas de salvamento, socorrismo e asistencia sanitaria, deberá dispor da titulación homologada e estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia. O persoal da Unidade de Salvamento e Socorrismo contratado durante a tempada de baño dependerá para a súa organización e exercicio do Servizo Municipal de Protección Civil do concello de Carballo.</p>	
<p>Ordenanza municipal reguladora das praias do concello de Carballo Publicación definitiva: 27-11-2013 BOP n.º 226</p>	<p>De obrigado cumprimento toda a ordenanza226</p>	

## 11. IMPLICACION DOS TRABALLADORES

O sistema de xestión ambiental establece un procedemento de recursos humanos, a organización identifica as necesidades de formación do seu persoal e daqueles que traballen no seu nome de modo que se asegure que todo o persoal que desenvolva tarefas que poidan xerar un impacto significativo sobre o medio ambiente reciba unha formación axeitada.

Todo o persoal da organización implicado directamente no sistema de xestión así como o persoal externo que realiza tarefas nas praias está implicado co sistema debido a súa cualificación técnica e os protocolos de actuación e cursos desenvolvidos durante a implantación do sistema.

As necesidades de formación son propostas durante a revisión pola dirección e avaliadas polo Concelleiro e o responsable de medio ambiente. Durante o ano 2022 realizáronse os cursos de:

- Charla formativa sobre a pílara das dunas.
- Curso de sensibilización ambiental. Impartido ao socorristas.

## 12. COMUNICACIÓNS

Existe un procedemento de comunicación que establece as comunicacións que regula a comunicación ambiental interna entre os diversos niveis e funcións da organización, así como o modo en que se reciben, documentan e responden as comunicacións relevantes de partes interesadas externas á organización.

Este procedemento aplícase a todas as comunicacións internas e ás externas que sexan relevantes, incluídas aquelas relacionadas cos aspectos ambientais significativos do órgano.

Durante o ano 2022 tiveron lugar as seguintes comunicacións:

DATA DE RECEPCIÓN / ENVÍO	COMUNICANTE	INTERNA/ EXTERNA	RECEPTOR	MOTIVO	CONCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS
30/05/2022	RESPONSABLE DE MEDIOAMBIENTE	EXTERNA	GESTAGUA	COMUNICACIÓN DE ELAVADOS NIVEIS MICROBIOLÓXICOS NA ZONA DA CABREIRA	CONTINUASE CO SEGUIMENTO DA DESVIACIÓN DO ANO 2021 EN RELACIÓN A ELEVADA CARGA MICROBIANA NO TUBO DA CABREIRA	FAISE UN SEGUIMENTO DA DESVIACIÓN A TRAVÉS DO REXISTRO DE NON CONFORMIDADES
09/06/2022	RESPONSABLE DE MEDIOAMBIENTE	EXTERNA	PARTES INTERESADAS	COLOCACIÓN DE CARTEIS INFORMATIVOS RELACIONADO COAS TOALLIÑAS DE BAÑO		
17/06/2022	COORDINADOR BALDAIO- SAIÑAS	INTERNA/EXTERNA	DELEGADO PRAIAS CEMMA GESUGA	DELFIN MORTO	CONTÁCTASE CO CEMMA E GESUGA PARA A RETIRADA DO DELFIN	RETIRADA REALIZADA O 24/06
29/06/2022	RESPONSABLE DE MEDIOAMBIENTE	EXTERNA	PARTES INTERESADAS	PRESENTACIÓN DOS CARTACES DA PÍLLARA DAS DUNAS		UBICACIÓN: PRAIA DE RAZO ONDE AS DUCHAS DA EXPLANADA E APARCAMENTO DE BALDAIO
01/07/2022	COORDINADOR BALDAIO- SAIÑAS	INTERNA/EXTERNA	DELEGADO PRAIAS PROTECCIÓN DE FAUNA	AVE DE GRAN TAMAÑO CON DIFICULTADES PARA DESEMPEÑAR O VOO	CONTÁCTASE CON PROTECCIÓN DE FAUNA PARA QUE PROCEDAN A SÚA RECOLLIDA	
11/08/2022	RESPONSABLE DE MEDIOAMBIENTE	EXTERNA	PARTES INTERESADAS	COMUNICACIÓN DOS OBXECTIVOS,		

				E ASPECTOS AMBIENTAIS SIGNIFICATIVOS		
--	--	--	--	--------------------------------------------	--	--

Existen outras comunicacións consideradas como menos relevantes levadas a cabo entre os socorristas e o Órgano xestor a través dos partes de mantemento.

### **13. PLANS DE EMERXENCIA**

Dentro da documentación do sistema, existe un procedemento de Plans de Emerxencia codificado como P-03, o obxecto deste procedemento é establecer a sistemática a seguir na organización no relativo á identificación, avaliación e definición de pautas de resposta ante os accidentes potenciais e as situacións de emerxencia que puidesen derivar dos seus procesos, operacións, instalacións auxiliares e servizos.

O obxectivo final é minimizar as consecuencias ambientais que se deriven dos accidentes potenciais e situacións de emerxencia de posible aparición.

O Responsable de Medio ambiente identifica os accidentes potenciais e as situacións de emerxencia previsibles asociadas a cada proceso, operación, instalación auxiliar e servizo en cada praia. Para cada accidente ou situación establece unha ficha de emerxencia, onde se describe detalladamente o procedemento a seguir en cada caso. As fichas de emerxencia identificadas dentro do órgano xestor de praias son as seguintes:

- ✓ Presenza de residuos perigosos nas praias.
- ✓ Vertido accidental de combustibles
- ✓ Vertido de restos de mareas (ramas, madeira, algas, residuos, desperdicios que arroxan ó mar: plásticos, restos de roupa...etc.)
- ✓ Sentinazos, Vertido de barcos de gran tonelaxe.
- ✓ Incendio nas praias.
- ✓ Vertidos accidentais de hidrocarburos en augas.
- ✓ Retirada masiva de area por temporais.

Atópase previsto para o 2023 a realización de un novo simulacro de emerxencia.

### **14. ENTORNO NATURAL**

As praias de Carballo encóntranse no ámbito do espazo Natural de Razo-Baldaio, e constitúe o punto de maior interese paisaxístico e ecolóxico do concello. Este complexo está formado por aproximadamente 360 hectáreas de superficie protexida. Un dos maiores atractivos da zona é a praia de Razo-Baldaio, que comprenden gran parte do litoral do municipio, eríxese como un dos areais máis extensos de Galicia. O complexo de Razo-Baldaio presenta unha gran diversidade xeográfica, con areais, dunas, marismas, acantilados ou praderías litorais. A variedade do ámbito, unido ao efecto do mar, favorece a existencia dunha extraordinaria flora, con adaptacións moi específicas ás condicións extremas. Este espazo, no que conflúen as augas doce e salgadas, está habitado ademais por unha gran diversidade de especies animais, sendo o das limícolas o grupo faunístico de maior relevancia.

## 15. VERIFICACIÓN AMBIENTAL

Para dar cumprimento a súa responsabilidade co medio ambiente, o órgano xestor de praias asume un diálogo ca sociedades e cos grupos de persoas interesadas nas súas actividades.

Dende a presidencia do órgano xestor de praias farase chegar a presente declaración a todas as partes interesadas a través da paxina web do concello de Carballo, e estará exposta ó público nas dependencias municipais.

A periodicidade da declaración ambiental é anual.

Próxima declaración ambiental en setembro de 2024.

## 16. MELLORAS

Por parte do concello de Carballo é a nosa intención seguir ampliando o sistema de xestión ambiental cara as outras praias que forman parte do noso litoral, que son a praia de LEIRA, ARNELOS e SANTA MARIÑA.

As recomendacións coherentes co compromiso de mellora continua do sistema é traballar tanto na sensibilización ambiental do persoal do órgano xestor de praias como dos propios usuarios, neste senso durante o ano 2022 colocáronse carteis de sensibilización ambiental nas tres praias para concienciar ós usuarios sobre os aspectos medioambientais máis salientables e o bo uso dos recursos naturais dos que dispomos.

Durante o 2022 leváronse a cabo no Concello de Carballo unha serie de campañas de sensibilización, as cales se detallan a continuación:

- ❖ **A moda de amorear pedras:** A construción de montículos de pedras, asociada ao turismo de natureza e reflectida en fotografías difundidas a través das redes sociais, é unha práctica estendida por todo o mundo que tamén chegou ao noso litoral. Pero as consecuencias desta moda son prexudiciais para a biodiversidade. E non o dicimos nós, senón un equipo internacional con participación de investigadores do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), que advirte de que o amoreamento de pedras prexudica a varias especies animais e vexetais, algunhas das cales se atopan en perigo de extinción. A pílara das dunas é unha delas.

A Concellaría de Medio Ambiente e Praias, en colaboración cos axentes ambientais dependentes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta e co servizo municipal de limpeza de praias, vén de realizar traballos de restauración ambiental na franxa Razo-Baldaio, na que apareceron nos últimos días numerosos montículos de pedras.

As nosas praias forman parte dunha área protexida, na que podemos pasear, tomar o sol, practicar deporte ou realizar diferentes actividades, pero que, como lembran dende Patrimonio Natural, cando marchamos debemos deixalas nas mesmas condicións nas que as atopamos. No caso de Baldaio, o problema agrávase coa utilización de pedras procedentes do recheo realizado a raíz do taponamento da canle da ría, o que supón que se están introducindo na area elementos alleos ao espazo natural.



- ❖ **A praia dos libros:** biblioteca coas mellores vistas do mundo volveu abrir as súas portas e ventás na praia de Razo. Así que este verán, e xa será o segundo, ademais de tomar o sol, practicar surf, bañarte ou xogar ao volei, terás ao teu alcance a pé de praia os últimos éxitos literarios e un punto de información cultural xestionado polo persoal das nosas Bibliotecas de Carballo.

Os horarios:

- Xullo: de luns a venres, de 13.30 a 17.30 horas
- Agosto: de luns a venres, de 13.30 a 16.30 hora

Pero A Praia dos Libros non chega soa, senón que ao longo do verán tamén se desenvolverán na beira do mar outras actividades culturais. A primeira, será a proxección da película xuvenil “Live is life”, ás 22.30 horas en Razo.

Pero haberá máis:

- Mércores 20 de xullo, ás 13.00 horas, “Canta música”, espectáculo musical con Pablo Díaz e Olga Kirk, en Razo.
- Mércores 17 de agosto, ás 13.00 horas, “Galdaka”, espectáculo de maxia con Dani García, en Razo.
- Mércores 17 de agosto, ás 22.00 horas, proxección da película “Jumanji: seguinte nivel”, na Pedra do Sal, coa colaboración da Asociación Cultural O Castro de Lema.



A concelleira de Normalización Lingüística, pola súa banda, aproveitou a visita á Praia dos Libros para presentar o terceiro caderno de pasatempos “A pílara das dunas”, que estará a disposición de todas as persoas interesadas, de balde, na bibliopraia de Razo e nos postos de salvamento e socorrismo das praias de Pedra do Sal e Baldaio-Saiñas. Maruxa Suárez animou á veciñanza e a visitantes a achegarse a recoller un exemplar e a repetir a experiencia da pílara viaxeira, que tan boa acollida tivo o ano pasado, e que consiste en que compartades unha foto coa vosa “pílara”, dende calquera lugar no que vaiades este verán, etiquetando nas redes sociais ao Concello de Carballo e/ou Turismo Carballo.

- ❖ **O día do peón:** Un ano máis, a Concellaría de Mobilidade quere convidar a toda a cidadanía a camiñar o 17 de agosto, porque non hai mellor maneira de celebrar o Día Mundial do Peón que tomando as rúas cos medios de locomoción máis antigos, sans e sostibles: os nosos pés. Pero se ademais de saír andar como tanta xente fai a diario, se queres facelo dun xeito organizado non tes máis que anotarte para participar na ruta que realizaremos polas sendas ciclo-peonís do proxecto Cicl-ando Carballo. O punto de encontro será o aparcamento do Centro Comercial Bergantiños-Gadis Híper, onde serás recibido/a cun agasallo moi práctico para os teus paseos cotiáns. Ás 19.30 empezaremos a camiñar cara o polígono de Bértoa para realizar un percorrido dunha hora de duración, aproximadamente, e apto para todas as idades.



- ❖ **II Clinic de Salvamento e Socorrismo para deportistas federados/as e técnicos/as:** o día 20 de agosto celebramos o II Clinic de Salvamento e Socorrismo Concello de Carballo, organizado a través da área de Turismo en coordinación coa de Deporte e de novo coa colaboración do Club Salvamento Virsal (Virgentis Salvamento Bergantiños).  
A formación, dirixida a técnicos/as e deportistas federados/as, terá lugar na praia de Razo. O programa centrase no obxectivo de, por unha banda, acadar una boa formación teórica no surfski de salvamento e, pola outra, na aplicación práctica dos coñecementos adquiridos, quedando todo complementado, coma xa sucedeu no primeiro Clinic, dende o punto de vista da fisioloxía deportiva e a recuperación terapéutica articular para a práctica de esta disciplina deportiva. Para iso contaremos con David Orgeira, adestrador e técnico superior en Salvamento e Socorrismo, e con Javier Teijeiro, fisioterapeuta carballés, que xa nos acompañou na primeira edición.

**II Clinic de Salvamento Socorrismo**

concello de CARBALLO carballo turismo Surfski Carballo Deporte Club colaborador VIRSAL

**Concello de Carballo**

- Clases teóricas  
(Materiais, Elección, Colocación aparello, estribos, fixacións...
- Técnica.  
(Niveis: Básico, Intermedio e Avanzado)
- Paso e surfeo de ondas.
- Tácticas nas competicións
- Clases prácticas.

**20 de Agosto do 2022** **Horario:** 10:00 - 14:00  
15:00 - 19:00 **Praia de Razo Carballo**

❖ **Alerta por sequía:** este verán foi especialmente anómalo no referente as precipitación producidas, polo cal, dende o Concello de Carballo (coas indicacións de Augas de Galicia) acordou establecer unha serie de restricións que polo momento só afectarán aos servizos públicos, e que son as seguintes:

- Eliminar os baldeos agás por causa xustificada
- Pechar todas as fontes ornamentais
- Intentar reducir ao máximo os consumos municipais
- Limitar as regas das zonas verdes, que se farán en días alternos e reducindo o tempo
- Colocar nas duchas das praias carteis informativos para que as persoas usuarias procuren abrir a auga o mínimo tempo posible
- Trasladar á poboación unha serie de consellos básicos

Nestes momentos Carballo abastécese tanto do Anllóns como, sobre todo, do Bardoso, que achega arredor dun 60% da auga que consumimos. Dentro do Proxecto Anllóns-Bardoso, no que se investiron máis de catro millóns de euros, instaláronse dúas estacións de aforo de caudal augas arriba das dúas captacións existentes. Deste xeito é posible saber canta auga levan o Anllóns e Bardoso e canta se pode captar de cada un deles en cada momento. Xunto a este importante investimento, dende o Concello de Carballo tamén se está a realizar “moito traballo” na localización e eliminación de fugas ou avarías, un aspecto “moi importante”. E ademais apuntou que a captación dos 5.500 metros cúbicos de auga que se consumen a diario no noso concello non se realizan de xeito intensivo durante a noite, senón ao longo do día, para non afectar tanto ao caudal.

❖ **“Eu quero Razo-Baldaio”:** Despois do éxito das edicións pasadas, desde o Concello de Carballo queremos dar continuidade ao proxecto “Eu quero Razo – Baldaio”, que pretende crear hábitos de turismo consciente no litoral de Carballo. Para iso contaremos de novo coas entidades que veñen desempeñando accións relacionadas coa sustentabilidade da nosa costa, este ano con algunhas incorporacións que contribuirán a seguir enriquecendo o verán. Tanto o Concello de Carballo como as entidades colaboradoras neste proxecto buscamos a valorización do espazo natural que conforma a nosa costa co convencemento de que canto máis se coñeza, máis se vai respectar.



**eu** ❤️  
**RAZO**  
**BALDAIO**

**Coñecer  
para valorar**

**Xuño**  
29 e 30 OBRADOIRO DE RESTAURACIÓN DA PÍLLARA DE VIMBIO  
02 INICIACIÓN A ORNITOLOXÍA  
06 SEGREDOS CULTURALS DA COSTA CARBALLESA  
09 e 10 DESCUBRE AS PEGADAS E OS INICIOS NOS CAMIÑOS  
13 EXPLORANDO AS POZAS DA MAREA  
20 XORNADA DE ELIMINACIÓN DE INVASORAS  
27 A NOITE DAS AVELAÑAS

**Agosto**  
03 FAUNA E FLORA DAS CONTORNAS DUNARES  
06 LIMPEZA COLECTIVA DAS PRAIAS DE RAZO E BALDAIO, PLÁSTICOS E MICROPLÁSTICOS  
13 RUTA NOCTURNA POLA EIRA DAS MEIGAS  
19 NOITE DE ASTRONOMÍA  
20 FESTA DA PRAIA  
20 AS ORIXES DA COSTA DE CARBALLO  
25 SIMULACRO DE RESCATE DE CETÁCEOS

**BIBLIOPRAIA**  
Xuño: Luns a venres, de 11.30 a 17.30  
Agosto: Luns a venres, de 12.30 a 16.30

**PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA**  
Martes a venres, de 11.00 a 14.00 e de 15.30 a 18.30  
Fins de semana, de 11.00 a 15.30

**Colaboradores:**  
CARBALLO CARBALLO 2023 ADEGA ecovidrio acciona

### Xuño

- 29 e 30, obradoiro de restauración da pílara de vimbio.

### Xullo

- 02, iniciación a ornitología
- 06, segredos culturais da costa carballese
- 09 e 10, descubre as pegadas e os inicios nos camiños
- 13, explora as pozas da marea
- 20, xornada de eliminación de invasoras
- 27, a noite das avelaiñas

### Agosto

- 03, fauna e flora das contornas dunares
- 06, limpeza colectiva das praias de Razo e Baldaio, plásticos e microplásticos
- 13, ruta nocturno pola eira das meigas
- 19, noite de astronomía
- 20, festa da praia
- 20, as orixes da costa de Carballo
- 25, simulacro de rescate de cetáceos